

Hotel Apartamento Marouco

Rúa Do Marouco, 6 – O Castro

36780 A Guarda (Pontevedra)

Teléfono: 986 609 138 – 986 609 139

E-mail: info@aparthotelmarouco.com

reservas@aparthotelmarouco.com

Web: www.aparthotelmarouco.com

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Entorno Inmediato ao establecemento

- A rúa de acceso ao establecemento ten unha pendente do **14%**, non ten beirarrúas e está despexada de obstáculos.
- O pavimento é de asfalto irregular.

Acceso

- Diante da porta da entrada principal hai unha cella de **4 cm** de altura.
- Hai dúas portas contiguas, automáticas, corredizas e cun ancho libre de paso de **1 m**, cada unha. Entre ambas as dúas portas existe un espazo de **1,20 m** de ancho e un felpudo que está fixo ao chan.
- Hai un timbre de chamada a unha altura de **1,40 m**.
- Xunto á entrada principal, existe outra porta de acceso ao establecemento, que conduce á terraza e aos apartamentos. A porta permanece sempre aberta, ten un ancho libre de paso de **1,20 m** e diante dela hai unha cella de **4 cm** de altura.

Vestíbulo e recepción

- O itinerario dende a porta de entrada ata recepción é accesible sen ocos de paso estreitos nin desniveis.
- En recepción o espazo mínimo entre o mobiliario é de **90 cm** e existen alfombras que non están fixas ao chan.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de **1,05 m**, non adaptado para usuarios de cadeira de rodas.

Apartamento Adaptado (Nº B-1)

- N.º apartamentos adaptados: **1**. O itinerario dende recepción ata o apartamento adaptado é cruzando o restaurante por unha rampla de **1,65 m** de lonxitude, **1,40 m** de ancho e unha inclinación do **10,5%**. Despois sáese á terraza e hai que seguir un camiño cunha pendente que varía entre un **3% e 14%**. Tamén se pode acceder directamente ao apartamento dende a rúa pola porta que hai xunto á principal e seguindo o mesmo camiño anteriormente descrito dende a terraza.
- Antes de chegar ao apartamento adaptado, hai un chanzo de **6 cm** de altura e diante da porta de acceso hai unha cella de **3 cm** e un felpudo que non está fixo ao chan.
- A porta de entrada ao apartamento abre cara ao interior e ten un ancho libre de paso de **86 cm**. O sistema de apertura é con chave e o tirador da porta está a unha altura de entre **70 cm e 1,20 m**.
- A porta do dormitorio abre cara ao interior e ten un ancho libre de paso de **78 cm**.

- No dormitorio existe un espazo libre de **1,50 m** de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de **55 cm** e existe unha alfombra que non está fixa ao chan.
- A cama ten unha altura de **50 cm**. Accédese a esta polo lado esquerdo por un espazo de máis de **1,50 m**.
- As portas do armario son corredías de doada apertura. Os andeis e caixóns están a unha altura de **50 cm** e o percheiro está fixo a unha altura de **1,85 m**.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de **1,50 m**.

Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta é corrediza e ten un ancho libre de paso de **76 cm**. Dispón de ferrollo doado de manipular e que pode abrirse dende o exterior en caso de emerxencia.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **95 cm** pola fronte e de **1,50 m** de ancho polo lado dereito. O asento está a unha altura de **40 cm** e o mecanismo de descarga a **79 cm** de altura.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito a unha altura de **70 -87 cm** e outra fixa no lado esquerdo.

Lavabo

- O lavabo permite a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **1 m** e o resto dos accesorios do baño están a **85 cm e 1 m**.

Ducha

- A ducha ten un biombo corredizo que deixa un ancho libre de paso de **70 cm**. O prato da ducha ten unhas dimensións de **80 cm** de fondo e **1,65 m** de ancho.
- O chan da ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do pavimento do cuarto de baño, cunha lixeira pendente do **1%** polo desaugadoiro.
- Dispón dunha cadeira de ducha de rodas móbil e ortopédica para a ducha. Os repousabrazos non son desmontables.
- Dispón dunha barra horizontal de apoio situada na parede das billas a unha altura de **80 cm**.
- A billa require xiro do pulso e está situada a unha altura de **90 cm**. A alcachofa está xunto á billa á mesma altura.

Cociña, comedor e sala de estar do apartamento adaptado

- Nesta estanza hai un espazo libre de xiro de máis de **1,50 m** de diámetro e para acceder a ela o oco de paso é de máis de **80 cm**.
- O mesado, cociña e vertedoiro están a **87 cm** de altura e teñen **61 cm** de fondo. Teñen mobles debaixo polo que non permiten a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Os caixóns son de doada apertura.
- Os mandos da cociña son táctiles e a billa é monomando. Dispón de lavalouza cuxos mandos están a **75 cm** de altura.
- Os andeis están a unha altura entre **40 cm e 1,80 m**.

- O frigorífico ten os seus andeis e caixóns a unha altura entre **1,10 e 1,70 m**.
- A mesa do comedor ten unha altura de **79 cm**. Debajo hai unha altura libre de **65 cm**, un ancho libre de **70 cm** e fondo libre de **90 cm**.

Aseo adaptado en zoa común

- O hotel conta con **2** cabinas independentes de aseo adaptado, unha para cada sexo. Está situado na planta baixa, xunto a recepción e cafetaría e o itinerario é accesible.
- A porta xeral dos aseos e a da cabina son corredizas e teñen un ancho libre de paso de **70 cm**. Non están sinalizadas co Símbolo Internacional de Accesibilidade. (SIA).
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.
- A iluminación é con sensor.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **1,40 m** pola fronte e de **1,05 m** de ancho polo lado dereito. O asento está situado a unha altura de **40 cm** e o mecanismo de descarga a **79 cm**.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito a unha altura de **74 -90 cm**.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **80 cm** de alto e **60 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **1 m** e o resto dos accesorios do aseo están a unha altura que varía entre **1,05 e 1,20 m** de altura.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- Diante da porta da entrada principal hai unha cella de 4 cm de altura, cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadizo de cor contrastada.
- Hai dúas portas contiguas, automáticas, corredizas e de vidro, sinalizadas co logotipo en cor contrastada. Existe un felpudo que está fixo ao chan.
- Xunto á entrada principal, existe outra porta de acceso ao establecemento, que conduce á terraza e aos apartamentos. A porta permanece sempre aberta e diante dela hai unha cella de **4 cm** de altura, cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadizo e de cor contrastada.
- En recepción o pavimento é homoxéneo, sen ocos nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual. Tampouco existen elementos voados que impliquen risco.

Cuarto estándar

- O número do cuarto indícase en letras e números grandes pero sen contrástate de cor con respecto ao fondo.
- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos beirís que impliquen risco.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por WIFI.

- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre".

Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estanzas e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e están a unha altura media que varía entre **1,75 e 1,85 m**.
- O tamaño dos caracteres é de máis de **1,5 cm** e presentan unha cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille nin en altorrelevo.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Non hai ningunha praza reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Cafetería/Restaurant e / Salón de almozos	Planta baixa	Accesible	Altura da barra de cafetería: 1,10 m Para acceder á zona de mesas o itinerario é por unha rampla de 1,65 m de lonxitude, 1,40 m de ancho e ten unha inclinación do 10,5%. Mesas rectangulares de 4 patas. Altura de mesa: 78 cm, Altura baixo mesa: 74 cm Ancho mesa: 64 cm, Fondo mesa: 35 cm, pola travesa. Non dispoñen de carta en braille.
Piscina	Exterior	Practicable	Non hai grúa para acceder ao vaso. Non hai aseos nin duchas adaptados.